



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: morana@concellos.depontevedra.es
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA
36660 MORAÑA (Pontevedra)

BANDO

Subvencións aos titulares de autorizacións de transporte da serie VT-N para instalar sistemas de seguranza, información, cobramento e localización nos seus vehículos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011

D. JOSÉ EIRÁS PAZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA

FAI SABER QUE

A **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS** establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos titulares de autorizacións de transporte da serie VT-N para instalar sistemas de seguranza, información, cobramento e localización nos seus vehículos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.

BENEFICIARIOS.- Poderán ser beneficiarios das axudas, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os titulares de autorizacións administrativas de transporte vixentes, documentadas en tarxetas da serie VT-N, expedidas pola Dirección Xeral de mobilidade ou polos servizos de mobilidade competentes para o efecto.


CUANTÍA DAS AXUDAS.- Os equipamentos que se prevén nestas bases como obxecto da subvención poderán acadar unha axuda económica máxima do 50% do custo de cada un deles individualmente considerado. Neste incluírase tanto o prezo do propio equipamento como os gastos de colocación, man de obra, equipamento adicional necesario e verificación do seu funcionamento.

Prazo de presentación de solicitudes: Ata o 31/03/2011

Para mais información pódese acudir ó Concello de Moraña ou chamar por teléfono o número 986 55 30 05

Moraña, 4 de xaneiro de 2011.

O ALCALDE



Asdo. JOSÉ A. EIRAS PAZ